




O Goberno destina 2,6M€ á praia da Madalena e á cetaria

O alcalde de Cedeira, Pablo Diego Moreda Gil, recibiu recentemente a confirmación de que o Ministerio de Transición Ecolóxica vai destinar á vila máis de 2,6 millóns de euros para poñer en marcha dous proxectos moi importantes e longamente esperados: a rexeneración da praia da Madalena e a recuperación da cetaria do Sarridal. O primeiro está dirixido a resolver o desequilibrio que sofre o areal desde finais dos anos 90 e que está provocando un retroceso da liña de costa, entre

outros efectos. En breve someterase a exposición pública o proxecto, que xa está redactado e cuxa execución está orzamentada en máis de 2,3 millóns de euros. E antes de finais deste ano, o Ministerio vai sacar a licitación a recuperación da antiga cetaria do Sarridal, por un importe de máis de 312.000 euros e que permanecía parado desde hai máis de dez anos. As dúas actuacións van contribuír a revalorizar o atractivo medioambiental e patrimonial da vila de Cedeira.

Segue na páx. 3

Máis investimentos grazas ao remanente do pasado ano

A boa situación económica do Concello de Cedeira permitiu un ano máis, tras o peche das contas do pasado ano, facer unha modificación de crédito e incorporar ao presuposto de 2021 os remanentes procedentes do pasado ano. Un total de 531.646 euros incorpóranse ao capítulo de investimentos, de maneira que

xunto coas actuacións xa previstas, o goberno local poderá acometer outras novas, entre elas diferentes melloras na escola infantil e nas instalacións deportivas e obras de saneamento. Os remanentes permitirán tamén a compra dun tractor con brazo desbrozador que facilitará estes traballos.

Segue na páx. 2

sumario

» Autónomos e empresas poden solicitar xa as novas axudas do Concello para paliar os efectos da pandemia

Páx. 2

» O parque de calistenia e o auto-cine dos orzamentos participativos, unha realidade

Páx. 4

» O Concello rexeita os proxectos de eólica mariña e o terrestre de Badulaque

Páx. 5



» Reencontro de Guadi Galego coa súa vila na xira de "Costuras"

» O Concello propón de verán inzado de actos seguros ao aire libre

» Actividades deportivas e de conciliación para maiores e pequenos

Páxinas 5-6

Reinvestimos os remanentes do pasado 2020 en novas actuacións

O Concello de Cedeira ten unha situación económica saneada que lle vai permitir sumar novos investimentos aos inicialmente previstos nos orzamentos de 2021, con cargo aos remanentes do pasado ano. Co informe favorable da Intervención Municipal, o pleno da corporación aprobou na súa reunión do pasado mes de maio realizar unha modificación de crédito para incorporar 531.646,04€ aos presupostos e poder acometer no presente exercicio, con cargo a eles, un total de 21 actuacións.

O alcalde de Cedeira, Pablo Diego Moreda Gil, subliñou que “a situación económica do Concello é boa e isto vains permitir afrontar máis obras e dotarnos de máis equipamentos para ofrecer mellores servizos á cidadanía”. No expediente da modificación de crédito que agora está a pasar pola tramitación pertinente van incluídas máis dunha vintena de actuacións.

Entre elas cómpre destacar a compra dun tractor con brazo desbrozador por valor de 100.000€, que se vai incorporar ao parque de maquinaria municipal para facilitar as tarefas de limpeza nas zonas rurais de Cedeira. Tamén está orzamentada a adquisición dunha deshumectadora, por



algo máis de 32.000€. No capítulo de obras recóllense varias intervencións de posta ao día da Escola Infantil da Galiña Azul, cun orzamento total de 61.858€, e diversas reparacións e melloras nas instalacións deportivas do municipio que suman preto de 157.000€. Entre outras obras, contéplanse melloras na pista da Carballa (43.529,87€), a creación dunha estrutura de vía ferrata para a práctica da escalada e reparacións nas pistas de pádel e no polideportivo municipal.

Os remanentes permitirán tamén comprar novo mobiliario urbano e marquesinas -a partida é de 23.435€, realizar melloras en beirarrúas e pistas (15.000€), unha obra de pavimentación e nova rede de pluviais no paseo arriba da Ponte (26.347€), a segunda fase de saneamento na rúa Amor Hermoso (34.471€) e arranxos en dous camiños veciñais (25.204€), xunto cunha expropiación na rúa Cerdido (30.121€) e a adquisición de máis camas xeriatricas para a atención domiciliaria (10.000€).

Novas axudas municipais para as empresas afectadas polo covid

Ata o 14 de agosto está aberto o prazo de solicitude das novas axudas que o goberno local de Cedeira artellou para autónomos e empresas afectadas pola crise sanitaria. É un programa dirixido a aqueles negocios que non puideron acollerse ao PEL Reactiva da Deputación e

que completa o que o pasado ano xa dispuxera o Concello. Coa suma dos 70.000€ desta nova convocatoria, a administración local terá repartido en total máis de 170.000€. Así, na primeira repartíronse 76.750€ a 112 microempresas e autónomos de Cedeira e na do PEL Reactiva pagáronse 62

axudas por un importe total de 135.324,46€, dos que a Deputación custeou o 80% e o Concello, o 20% restante.

As novas axudas son para traballadores/as autónomos/as con ou sen empregados e pequenas empresas. Quedan excluídas nesta ocasión as empresas que constituíron

o obxecto de financiación do PEL Reactiva -hostalería e axencias de viaxes-. As bases establecen axudas de 1.000, 1.250 e 1.500€ e que se esgotará o crédito dispoñible, de 70.000€, entre todas as solicitudes que cumpran os requisitos. No seu caso, ratearanse os fondos proporcionalmente ata esgotalos.

O Goberno central investirá 2,6M€ na Madalena e a cetaria do Sarridal

O Ministerio de Transición Ecolóxica vai investir máis de 2,6 millóns de euros na vila de Cedeira, en dous proxectos de suma importancia: a rexeneración da praia da Madalena e a recuperación da cetaria do Sarridal. O primeiro deles, cun presuposto de 2,3 millóns, servirá para dar unha solución definitiva aos desequilibrios que sofre o areal desde finais dos anos 90 e que provocaron un retraso da liña de costa e a degradación do cordón dunar.

Demarcación de Costas conta xa co proxecto redactado para a rexeneración da praia, que agora someterá a exposición pública. A continuación, o Ministerio sacará a licitación esta actuación, pola que traballou xa o anterior goberno municipal e a Plataforma en Defensa da Ría. Segundo destacou o alcalde, Pablo Diego Moreda Gil, o máis importante é que se vai actuar para resolver o problema, superando os parches e actuacións de urxencia que ao longo dos anos houbo que afrontar para corrixir os efectos dos temporais.



Xunto coa rexeneración da praia da Madalena, o goberno local acadou tamén o compromiso do Ministerio de que antes de final deste ano sairá a licitación a recuperación da cetaria do Sarridal. Este é un proxecto do ano 2010 que quedara bloqueado e que o Concello de Cedeira rescatou e xestionou diante da administración central. Así, o proxecto conta xa co estudio de impacto ambiental

e superou o período de exposición pública. A intervención consistirá en recuperar as vellas estruturas nas que se gardaba o marisco e tamén na adecuación dos accesos. “É unha obra que vai revalorizar unha zona, a do Sarridal, que xa ten un alto interese patrimonial, porque alí está o xacemento coa pedra formosa e tamén o castelo da Concepción”, lembrou o alcalde.

Licitacións e execución de obras

Tras a aprobación do novo orzamento municipal, o goberno local tramitou e resolveu xa a licitación dalgúns dos proxectos de investimento máis importantes deste ano. Así, contratouse xa a rehabilitación estrutural e do pavimento do anel vermello da Praza Roxa (por un orzamento de 110.022,35€) e a construción dun skate bowl e unha tirolina no Camiño Real (por 120.969,75€) e está a piques de publicar a adxudicación da consolidación e reparación da cuberta dos escolares de Saa e Sisalde Maior (que saíu a concurso por 74.163,57€).

Nos últimos meses adxudicáronse as obras de mellora de varios camiños municipais (os de Fernando Lago, Cordobelas e Bouza por un importe de 40.704€) e os traballos de saneamento na rúa Amor Hermoso (por 26.138€). O Concello levou a cabo tamén outras actuacións de mantemento e posta ao día das instalacións públicas, entre elas unhas obras de arranxo do chiringuito da praia, cuxa concesión sacouse a continuación a concurso e xa está resolta. Igualmente, acometéronse traballos de pintura da balastrada do paseo marítimo e da sinalización horizontal, e se están a realizar reparacións no pavimento do Camiño Real, naqueles puntos nos que estaba levantado.

O Concello avanzou tamén en canto á eficiencia enerxética. Así, resolveuse o concurso convocado para o suministro de 921 lámpadas tipo led para a zona rural, que xa están colocadas e funcionando. Contratouse tamén a rehabilitación da Fonte da Barca, na parroquia de San Fiz de Esteiro.

Avanzan tamén os trámites previos á obra de construción da variante de Rego de Tide, coa que se vai eliminar unha curva problemática na estrada que vai a Teixido. O proxecto superou sen alegacións a exposición pública e están a realizarse as expropiacións.

O parque de calistenia e o auto-cine xa son realidade

O Concello de Cedeira puxo en marcha un proxecto de Orzamentos Participativos por primeira vez na historia. Implicou nel ao alumnado de 4ª da ESO do IES Punta Candieira e foi todo un éxito. Tanto foi así que o compromiso do goberno local é seguir coa experiencia en anos sucesivos e convertila nunha práctica de democracia a través da cal os mozos e mozas do municipio coñecerán de preto a súa administración máis próxima.

Do debate destes primeiros Orzamentos Participativos saíron dous proxectos: o dun parque de calistenia e o da organización dun ciclo de auto-cine. Desde a súa aprobación no pleno de marzo, o goberno municipal seguiu traballando da man dos rapaces para que coñeceran tamén a fase da execución dos mesmos. Nestes últimos meses elixiron o lugar para o



parque, as películas a proxectar... e o traballo feito permitirá facer realidade ambos proxectos este verán. O parque de calistenia estará preto da cafetería do paseo marítimo, e as proxeccións serán o 9 de xullo e o 21 de agosto.

Cedeira promocionouse na feira de turismo Fitur

A celebración de Fitur no pasado Ames de maio marcou a volta das feiras e tamén o preámbulo da recuperación do sector turístico. O alcalde de Cedeira, Pablo Diego Moreda Gil, e a concelleira de Turismo, Carmela Prieto, estiveron na presentación do Xeoparque Cabo Ortegal, co resto dos responsables dos concellos implicados, e tamén no acto no que se promocionou o camiño de peregrinación a Santo André de Teixido, inscrito no Xeodestino Ferrolterra-Rías Altas.

O traballo no eido do turismo trouxo tamén visitas a Cedeira nestes últimos meses. Así, o Concello recibiu a finais de abril a unha comitiva formada por representantes locais do municipio canario de Pájara e do Cabildo de



Fuerteventura, no marco dunha viaxe na que se interesaron por coñecer as políticas de promoción e a xestión dos recursos turísticos do municipio. Os canarios prestaron especial atención á posta en valor dos produtos do mar e do medio ambiente, así como á xestión de tradicións milenarias como son a peregrinación a Teixido ou a Rapa das Bestas.

Voltan os talleres de estimulación cognitiva con AFAL

Hai xa cinco anos que o Concello de Cedeira colabora con AFAL Ferrolterra, a asociación de familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias, para desenvolver de xeito continuado uns talleres de estimulación cognitiva. É un recurso moi importante para retrasar o avance da enfermidade e manter, durante o maior tempo posible, unha mellor calidade de vida, que agora puido recuperarse tras o parón imposto pola pandemia.

Festival de Música Galego-Portuguesa

Cedeira acolleu de novo en maio o Festival de Música Galego-Portuguesa "Traz outro amigo tamén". A guitarrista Isabel Rei ofreceu un concerto-coloquio; o escritor Antón Cortizas presentou, acompañado de músicos, o libro-cedé "O Colo das Palavras" e o Palacete albergou unha exposición sobre Carvalho Calero. No marco do programa celebráronse dúas charlas en liña cos rapaces do instituto, unha por parte de Isabel Rei e outra do presidente da Associação Galega da Língua, Eduardo Maragoto

**"Cedeira Informa",
un servizo
municipal**



Cedeira Informa é un servizo, vía WhatsApp, para manter informada a cidadanía das novidades da axenda municipal. Para recibir mensaxes hai que gardar na lista de contactos o número 604.024.266 co nome "Cedeira Informa" e enviar a mensaxe "alta información Concello de Cedeira". A continuación, ao teléfono do solicitante chegará unha confirmación de alta no servizo e comezará a recibir as novas.

Todo o consumo de enerxía municipal xa é de renovables

.....

O Concello de Cedeira subiu un chanzo máis na súa aposta polo medio ambiente e o compromiso coa loita contra o cambio climático. No pleno municipal de maio aprobouse a adhesión da administración local cedeiresa ao acordo de subministración enerxética que mantén a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) con varias compañías eléctricas, co que se garante que a totalidade do consumo dos edificios e as instalacións municipais procede de fontes renovables. Tal como argumentou o alcalde, Pablo Diego Moreda Gil, no debate da proposta, “as administracións públicas deben ser as primeiras que aposten polo consumo deste tipo de enerxías limpas”. Con anterioridade, o Concello de Cedeira xa apostara polas renovables para a subministración dos edificios municipais, porén este paso garante que todos os consumos, de alta e baixa tensión, veñen de enerxías verdes. Cómpre recordar que Cedeira está adherida ao Pacto dos Alcaldes polo Clima e a Enerxía, no marco do cal ten en marcha un plan de acción para reducir as emisións contaminantes nun 40% para o ano 2030.

Apoio dos grupos municipais á flota de pesca artesanal

.....

Os grupos políticos do Concello de Cedeira aprobaron no pleno de maio unha moción de apoio á Confraría local e, en xeral, á flota de pesca artesanal galega, no seu rexeitamento do novo regulamento de control da UE. O alcalde, Moreda Gil, reclamou maiores esforzos para mellorar a calidade do emprego no sector en lugar de pretender poñer cámaras de vixilancia nas embarcacións.


Rexeitamento do Concello aos proxectos eólicos

.....

O Concello de Cedeira ten enviado as súas alegacións nos trámites previos dos proxectos de parques eólicos mariños de San Brandán e San Cibrao, que Iberdrola proxecta na costa do Ortegal, expresando o seu rotundo rexeitamento a ambos os dous. Os grupos políticos con representación municipal están unidos na súa oposición a que Iberdrola instale eses grandes viraventos, fundamentalmente pola afectación que suporían para a actividade da flota pesqueira cedeiresa, aínda que tamén polo impacto paisaxístico que terían na zona.

Entre os argumentos que esgrimiou o goberno local no documento de alegacións, está que Iberdrola ten en conta unicamente o impacto en Xove e Cervo, os concellos polos que se faría a conexión terrestre dos parques, e obvia a actividade pesqueira de Cedeira. Apúntase, tamén, que o proxecto pasa por alto a afección para o futuro Xeoparque Cabo Ortegal, chamado a dinamizar a economía da zona.

Renovables si, pero así non é, en definitiva, a mensaxe que o Concello de Cedeira trasladou á Secretaría de Estado de Medio Ambiente, en liña coa opinión doutros concellos da zona e de gran parte da cidadanía. Os proxectos de eólica mariña que



Iberdrola quere poñer en marcha no litoral ortegano contan co rexeitamento frontal da institución municipal cedeiresa, ao igual que sucede co parque eólico terrestre de Badulaque, promovido neste caso por Endesa. Así, tamén se presentaron alegacións a esta iniciativa, sobre a que se convocou recentemente unha sesión informativa dirixida a trasladar á cidadanía os efectos destes aerogeneradores sobre o medio ambiente e a poboación e brindar colaboración aos particulares que quixeran presentar as súas propias alegacións.

Ordenanza de protección de camiños municipais

.....

Está previsto que en breve, unha vez superada a tramitación, entre en vigor a nova Ordenanza de Protección de Camiños e Vías Municipais de Cedeira. Con ela, o Concello quere garantir que as empresas forestais, cuxa actividade é tan importante na zona, desenvolven o seu traballo sen problema e sen causar danos ao patrimonio municipal.

Así, establécese que teñan que comunicar previamente á administración local as cortas que van realizar e mesmo, nalgúns casos, depositar unha fianza. Terán que repoñer ao seu estado orixinal as ramplas que abran no monte e reparar calquera desperfecto causado. E o mesmo rexirá para os transportes de equipamentos eólicos.

Unha chea de actos ao aire libre para gozar do tempo de lecer

O Concello de Cedeira está a desenvolver este verán unha chea de actividades de festa e de lecer adaptadas ás circunstancias. Son propostas ao aire libre, con acceso controlado para garantir que non se producen aglomeracións, pero que están a permitir gozar tanto á veciñanza como aos moitos turistas que recibe a localidade. Ao longo do mes de xullo foron xa moitos os espectáculos que tiveron lugar nas rúas da vila, en gran parte para o público infantil e familiar. Así, os pequenos sorprendéronse e divertíronse coa chegada de Troula Animación e “O estraño caso do dentista da rúa Braxov”, bailaron sentados no concerto de Pesdelán ou escorregaron, entre outras moitas cousas, polos tobogáns acuáticos xigantes que se instalaron na Praza da Constitución. Porén, houbo para todos os públicos.

Recoméndase visitar a axenda no apartado de festas de www.cedeira.gal para estar ao día!

7 e 8/08/2021
Discalz@s



Discalz@s polo Festival volve este ano con novas propostas musicais para remexer o verán na vila cedeiresa.

A iniciativa que xurdiu en 2014 case de casualidade segue a crecer e a consolidarse, adaptándose ás circunstancias. Desta volta están previstas dúas sesións vermú, o sábado con P-Rayada&Elsa, Gato Piojoso, O Sonoro Maxín, Discalz@s con AsSircopatas, e o domingo con Mentah e Fanfarria Taquicardia e unha actuación sorpresa. Na Praza de Floreal.

14/08/2021
“Ghop!”




A compañía Teatro ao Cubo presenta “Ghop!”, un espectáculo de circo ao estilo dos que antigamente percorrían as prazas dos pobos e das aldeas. Os tres protagonistas, cheos de enerxía, vestidos e caracterizados para a ocasión, enfeitan con malabares, monicreques, acrobacias e pinceladas de maxia o show de variedades. Praza Floreal, 19.00h.

Volve o programa de roteiros guiados “Descobre Cedeira”

Un verán máis volve o programa de roteiros “Descobre Cedeira”, que o Concello brinda á propia veciñanza e aos visitantes para ofrecerlles un mellor coñecemento do patrimonio natural, etnográfico e cultural da vila. Hai tres rutas diferentes que se irán alternando os martes e xoves ata o 2 de setembro: a “dos Tesouros”, a de Santo André de Teixido e o itinerario pola Vila de Cedeira. Son visitas guiadas e gratuítas, de nivel fácil ou medio, polo que están ao

14/08/2021
Adhara&Ritman



Adhara&Ritman é o nome dun novo proxecto musical que canta en galego e bebe das raíces folk da nosa terra mesturándoas con diferentes e variados estilos. A formación adapta textos de cancións populares galegas a ritmos como o reggae. Chegan á vila de Cedeira co seu segundo traballo discográfico, “Por elas”. Praza Roxa, 20.30h.

15/08/2021
“Sen Medo”

Espectáculo a cargo da compañía de acróbatas Maintomano, formada por Morgane e Marcos Rivas, na que se traballa sobre a idea de superar un reto, vencer ao medo. Praza Floreal, 20.00h.



alcance da maioría das persoas. Pódese consultar na páxina web do Concello, www.cedeira.gal, no apartado “Festas”, todo o calendario de saídas.

26/07/2021
Guadi Galego



Guadi Galego encheu de boas vibracións o seu concerto do pasado día 26 de xullo, o do seu reencontro coa vila que a veu nacer e na que conta co seu público máis entregado. Ante a súa xente presentou os temas do seu último traballo discográfico, “Costuras”, e tamén as súas cancións máis míticas. As 500 localidades con entrada de balde que puxo a disposición do público o Concello de Cedeira esgotáronse días antes do concerto, no que as medidas de distanciamento non impediron aos presentes gozar da actuación. A cantante agradeceu ao día seguinte a entrega da súa xente a través das redes sociais: “Aínda me dura a emoción”.

16/08/2021
“Baldín Badá”

Contorsións, acrobacias, danza e teatro a cargo da compañía Shakti Olaizola, nesta función na que o público coñecerá os disparates e toleadas dunha pintora e un músico. Praza Floreal, 20.00h.

21/08/2021
Pablo Díaz en concerto a dúo

Espectáculo con cancións e bo humor para o público infantil a cargo de Pablo Díaz, un artista coruñés que conta cunha longa experiencia en achegar a música ao público máis pequeno. Praza Roxa, 19.30h.

Actividades deportivas para todos os públicos

A bulideira actividade deportiva que Cedeira desenvolve ao longo do ano anímase aínda máis no verán. O Concello promove cursos de tenis, padel, padel surf e kayak para o público infantil e adulto, que teñen a inscrición aberta ata o 21 de xullo e que se van desenvolver no mes de agosto. A estas actividades súmanse outras propostas que se desenvolven nas instalacións do polideportivo municipal: pilates, aquagym, ximnasia de mantemento, natación...

que tamén teñen o prazo de inscrición aberto. Por outra banda este verán organizáronse de novo os cursiños para aprender a nadar, un no mes de xullo e outro en agosto. Na oferta deportiva inscríbese tamén o “surf bus” ao que as persoas interesadas poden subir para participar en cursos semanais de surf na praia da Pantín.

Campamento de verán, a aposta pola conciliación

As instalacións do CEIP Nicolás do Río acollen durante o verán, desde o pasado 6 de xullo ata o vindeiro

22/08/2021
Os xogos do paporrubio

Xogos tradicionais para toda a familia. O galiñeiro, a casa do rato, a carreira das tartarugas... unha chea de propostas acompañadas dos contos do Paporrubio, o paxaro máis pequeno e rebuldeiro. Zona de San Isidro, a partir das 17.30h.

27-28/08/2021
Lugnasad

As parellas renovarán os seus votos polo rito celta, nun evento que terá música, desfiles e maxia. O programa abrangue este ano certames de Música de Época e de Clans de Rueiro. Consultade todo o programa en liña a través do seu Facebook.

29/08/2021
Pintura rápida



Agosto rematará co certame de pintura rápida, para mirar Cedeira a través da ollada dos moitos artistas que acuden á convocatoria. Eles e elas, afeccionados ou profesionais, estarán traballando pola vila durante boa parte do día, e o xurado decidirá despois.

28 de agosto, o campamento urbano para nenos e nenas con idades comprendidas entre os 6 e os 13 anos. Máis de medio cento de pequenos participan neste importante programa, que se desenvolve de luns a venres entre as nove da mañá e as dúas da tarde, e que facilita a conciliación da vida familiar e laboral a aquelas familias nas que os adultos traballan mentres os pequenos están de vacacións escolares. O campamento reservou este ano, como noutras edicións, cinco prazas para cativos cunha discapacidade do 33% ou superior.

A Banda “Vila de Cedeira”, 40 instrumentos e unha paixón

.....

A Banda de Música “Vila de Cedeira” é pequena, pero moi bulideira. A xente da localidade xa sabe que no seu repertorio están os clásicos pasodobres ou as máis populares muiñeiras, pero tamén que os seus concertos ofrecen sempre sorpresas, agasallos inesperados como o “Another brick in the wall” de Pink Floyd. “Gústanos mesturar temas tradicionais e cousas máis actuais, queremos achegarnos á xente xoven e que se vexa que as bandas de música poden tocar de todo”, explica a nova presidenta Sofía García González. Acaba de poñerse ao fronte da formación con 26 anos, pero leva xa 16 tocando nela e transmite a paixón de todo o grupo.

En Cedeira, reconece Sofía García, “hai unha afección pola música moi forte e cun compoñente interxeracional”. A banda, que conta con 40 integrantes, viviu nos últimos tempos un relevo xeracional e ten un perfil eminentemente xove, aínda que nela tocan familias enteiras, maiores e pequenos, a maior parte amadores e tamén algún profesional. A pandemia mantívolles un pouco lonxe, sen poder facer ensaios presenciais e sen os concertos habituais diante da xente de Cedeira. Segundo explica a presidenta, o encontro co público, e en especial co da vila, é algo que lles gusta moito e que están desexando retomar. Este ano non haberá o habitual Certame de Bandas que organizaban a comezos de agosto, pero si que teñen previstas xa algunhas actuacións. Entre elas están dous concertos en Cedeira: un o día de Santa Ana, o 26 de xullo, e outro



na patroa, o 15 de agosto. E xunto con estes “na casa”, a Banda vén de participar no programa “O país das bandas”, no marco do cal tocou en Mañón o pasado 25 de xullo.

“Hai unha afección pola música moi forte e cun compoñente interxeracional”

A Banda de Música de Cedeira ten tocado en moitos sitios e levado diferentes premios, o último en novembro de 2019, no Certame Galego de Bandas, cando acadou o segundo posto da súa categoría.

Sofía García asumiu en xuño pasado o reto de presidir a directiva cun pouco de vértigo, reconece, pero tamén con moitas ganas. Xunto con ela, a

nova directiva está integrada por José Antonio García Vilar (vicepresidente); José Javier Melgar Bellido (secretario); Rocío Díaz Caneiro (tesoureira) e Cristina Herva Iglesias, Carmen Gundín Lago, Ana Belén Prieto Lopez e Andrés García Fernández como vogais. E xunto coa nova directiva, a Banda de Música Vila de Cedeira conta desde hai pouco cun novo director Dani Veiga, co que ten o dezo de continuar na mesma liña.

“Estamos desexando volver tocar e preparar cousas novas” comenta a presidenta. “Gústannos os concertos temáticos, por exemplo no de Nadal fixeramos un con temas de Disney”. Desde hai tempo xa fan ensaios presenciais, na Sala Áncora para ter moito espazo e separación entre eles, pero como hai músicos estudando fóra ou con outras ocupacións están agardando sempre a ter ocasións para xuntarse todos.

IMPRIME: CONCELLO DE CEDEIRA